



Francisco García Gondar (director) / Cristina Blanco González / Amparo Cereixo Silva / Débora González Martínez / Damián Suárez Vázquez : Bibliografía analítica da lingua galega (2004), Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, 2006, 398 páxinas

A *Bibliografía analítica da lingua galega (2004)* constitúe o primeiro número dos “Cadernos da BILEGA” (**B**ibliografía **I**nformatizada da **L**ingua **G**alega), a colección con que o Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades pretende dar a coñecer en formato libro seccións específicas da información que se vén ofrecendo gratuitamente desde novembro de 1998 no banco de datos en liña BILEGA (<http://www.cirp.es/bdo/bil>). Este volume inaugural, que conta cunha versión dixital en PDF (<http://www.cirp.es/pub/docs/bilega/bibana.pdf>), representa unha excelente ferramenta para quen quixer achegarse ao corpus bibliográfico producido no ano 2004 en relación ao noso idioma.

No “Limiar” (páxs. 9-11), Francisco García Gondar –director do proxecto– traza as coordenadas en que se desenvolve o presente traballo, que nace da necesidade de dar continuidade ao *Repertorio bibliográfico da lingüística galega desde os seus inicios ata 1994 inclusive* –de aquí por diante, *Repertorio*–, a primeira publicación xerada a partir do material almacenado na BILEGA. Ambas as monografías coinciden no seu principal obxectivo: forneceren unha información bibliográfica completa e actualizada sobre a lingua galega, compatibilizando a edición dixital coa tradicional, en papel; con efecto, a utilización da Internet como instrumento de traballo habitual aínda non se tornou unha realidade, polo que se considerou oportuna a preparación dun volume para esta iniciativa atinxir unha maior divulgación.

Na breve aproximación ao contido xeral da *Bibliografía analítica da lingua galega (2004)* –en adiante, *Bibliografía*– que se realiza neste capítulo introdutorio, infórmasenos, asemade, de que se manteñen os criterios empregados na plataforma BILEGA para a selección das publicacións catalogadas. Así, recóllense neste libro non só traballos de investigación, mais tamén –e nomeadamente pola súa eficacia como axentes normalizadores– artigos de carácter divulgativo ou de opinión, aos que se suman algúns contributos significativos en campos tan diversos como a etnografía, a historia, a ecdótica ou a crítica textual.

Quérese dar ao lume, por tanto, unha monografía exhaustiva –non selectiva– na área dos estudos lingüísticos galegos, destinada a un público composto non só por especialistas e que persegue non excluír títulos a partir de criterios glotopolíticos.

Importa aínda sinalar, porén, que García Gondar sitúa esa mesma pretensión de exhaustividade entre os motivos que provocaron que o libro, centrado en 2004, saíse do prelo catro anos máis tarde.

Baixo a epígrafe “Contido e organización da bibliografía” (páxs. 13-16) recóllese o itinerario metodolóxico seguido na elaboración do volume. Primeiro de todo, esclárese a temporalidade dos traballos recompilados; non só aparecen consignados títulos de 2004, pois contempláronse reedicións e recursos dixitais que, a pesar de que entraron na Internet anos antes, continúan a se desenvolver. Para alén diso, e como é obvio, non se puideron rexistrar obras que figuran con data de 2004 e que cando se fechou a *Bibliografía* –no último día de 2006– aínda non viran a luz.

Nun segundo momento, apúntanse algunhas consideracións xerais sobre a disposición dos traballos no corpus e o artellamento interno das referencias bibliográficas. Para a ubicación das entradas recorreuse a tres criterios: o tema (o primeiro dun máximo de cinco), o autor e o título (o dos artigos, o dos capítulos de monografías e, a seguir, o das monografías). Para lograr unha maior funcionalidade, tivéronse en conta unicamente 273 temas dos 543 que se manexan na BILEGA, reducíndose así de maneira considerábel o número de seccións temáticas sen entrada. Dentro de cada apartado temático, a organización das entradas estableceuse por orde alfabética de autores e, no caso de existiren obras asinadas por un mesmo autor, por ano de publicación e por orde alfabética de títulos.

En relación á información achegada en cada entrada, os autores manifestan a súa preocupación por presentaren o material bibliográfico do modo máis completo e transparente posíbel, para o que non dubidan en preencher entre corchetes os datos que non figuran nas obras orixinais. Por outra parte, faise fincapé en que o modelo proposto para referenciar as edicións en liña é semellante ao das edicións impresas mais implementa algúns elementos (portal, enderezo web, formato e última data en que foi visitada a páxina), o que se traduce nun esforzo moi positivo a prol da estandarización na internet.

Logo dos apéndices “Signos, abreviaturas e acrónimos empregados” (páxs. 17-20) e “Publicacións periódicas citadas” (páxs. 21-26) –este último moi completo, con información da editora, do lugar de edición e do enderezo web–, ábrese o capítulo central do traballo, a “Bibliografía”, que se divide en dous apartados: “Clasificación temática” e “Repertorio bibliográfico”.

Na “Clasificación temática” (páxs. 29-36) realízase unha cartografía dos parámetros utilizados na catalogación das entradas bibliográficas. Unha lectura rápida dos dez temas básicos –algúns presentes xa no *Repertorio*, mais cunha disposición diferente– dá unha boa idea da amplitude e flexibilidade desta publicación: Traballos xerais e obras de consulta; Fonética e fonoloxía; Gramática, Pragmática, Lingüística Textual

e Análise do Discurso; Lexicoloxía, Lexicografía e Onomástica; Dialectoloxía e Sociolingüística; Lingüística Histórica e Crítica Textual; Psicolingüística e Neurolingüística; Didáctica do galego, Tradución, Interpretación e Dobraxe; Tecnoloxías da Linguaxe; e, en último lugar, Traballos sobre variedades non xeográficas do galego.

No interior de cada categoría temática saímos ao encontro dun bo número de apartados, organizados do máis xeral ao máis específico, cuxa xerarquía se plasma nunha dobre numeración, a dos propios apartados e a das entradas.

Alén disto, é de notar que, co obxecto de preservar a coherencia coa armazón temática da BILEGA, os autores da *Bibliografía* decidiron manter –marcándoos con asterisco–algúns apartados sen entradas bibliográficas, conscientes de que así ficaría patente a escasa vitalidade de certas áreas da lingüística galega, en contraste coa saúde doutras especialidades.

Conforma o “Repertorio Bibliográfico” (páxs. 37-357) un corpus integrado por 803 entradas (correspondentes a 1550 asentos bibliográficos) que deseñan o percorrido editorial de cada un dos traballos. Non obstante, non imos encontrar neste libro unha definición sucinta, a modo de glosario, de cada unha das publicacións. Polo contrario, cada entrada contén unha relación dos datos bibliográficos da 1ª edición e das reedicións realizadas até 2006 inclusive, sen facer exclusión dos traballos en formato dixital; unha caracterización artellada en torno a cinco parámetros: tipo (investigación e opinión/divulgación), ámbito (Xeral, Panrománico, Iberorrománico, Galego, Portugués, Castelán e Asturiano-Leonés), enfoque (sincrónico, diacrónico ou ambos), período (Prerromance, Galego Antigo, Galego Medio e Galego Moderno) e variedade estudada (espacial, sociocultural, situacional e de medio); unha sinopse e, por último, a indicación de posíbeis traducións, recensións (deixando fóra as destinadas a libros colectivos e edicións críticas) e notas de publicación a que puido dar lugar.

Cerran o volume, complementando e axudando a localizar os textos con criterios diferentes do temático, un conxunto de seis índices, moi claros e pormenorizados: autores (páxs. 359-368) –en que se especifica o tipo de responsabilidade aural–, ámbitos (páxs. 368-369), períodos (páxs. 369-370), variedades (páxs. 370-371), identificadores (páxs. 371-375) –especialistas, institucións, obras destacadas, xéneros medievais, corpus lingüísticos, documentos notariais etc.– e vocábulos (páxs. 376-398) –elementos léxicos e gramaticais destacados nas sinopses–.

En suma, a *Bibliografía analítica da lingua galega* (2004), que reúne un catálogo moi variado de títulos, proporciónanos unha visión global e rigorosa da heteroxeneidade e complexidade dos estudos lingüísticos xerados á volta do idioma galego. Con todo, a inxente cantidade de información que brinda non resta axilidade a un texto que interesa tanto pola clasificación temática proposta como pola súa operatividade

como manual de consulta. Entre os acertos desta publicación figuran, por un lado, unha concepción aberta do feito lingüístico, e, por outro, a posibilidade de ir máis alén dos contidos servidos polas fichas catalográficas das bibliotecas; podemos, por exemplo, asociar asentos bibliográficos relacionados ou acceder a sinopses que, a pesar da súa finalidade descritiva, non resultan asépticas.

O traballo estruturouse desde unha perspectiva eminentemente práctica. Agradécese o uso de diferentes niveis para destacar cada entrada por enriba da caracterización e da sinopse correspondentes, así como o xogo con distintas tipoloxías de letras, que contribúen de maneira evidente a organizar o material e realzar a accesibilidade do libro. Porén, aínda que as categorías e subcategorías en que se organiza a bibliografía están convenientemente recollidas no “Índice xeral” –facilitando o seguimento por parte do público lector e a rápida localización dun punto concreto do texto–, cabe sinalar que produce certa confusión a falta de coincidencia entre os temas que aparecen nesta listaxe e os relacionados na “Clasificación temática”.

En conclusión, e tal e como resaltou o propio García Gondar (2003), a aplicación das novas tecnoloxías á pesquisa lingüística ten provocado unha viraxe significativa na recolla, produción, edición, difusión e recepción de información bibliográfica especializada que cómpre aproveitarmos. Na mesma liña, podemos afirmar que publicacións como esta *Bibliografía* –nacida de iniciativas tan ambiciosas como a BILEGA, que vén unirse a outras como o CODOLGA (Corpus Documentale Latinum Gallaeciae), o CORGA (Corpus de Referencia do Galego Actual) ou o TILG (Tesouro Informatizado da Lingua Galega)–, testemuñan o avance experimentado polos estudos lingüísticos galegos nos últimos anos e afianzan a presenza do galego na rede e nas nosas bibliotecas.

Cilha Lourenço Mória
Universidade da Coruña

Referencias bibliográficas:

- García Gondar, F. (2003): “*De re bibliographica*: BILEGA entre os recursos sobre o galego e o portugués na Internet”, *Revista Galega de Filoloxía*, 4: 59-95.
- García Gondar, F. (dir.) / Araújo García, M. T. / Diz Gamallo, I. / Monteagudo Cabaleiro, M. T. / Vázquez Grandas, P. (1995): *Repertorio bibliográfico da lingüística galega desde os seus inicios ata 1994 inclusive* (Santiago de Compostela: Xunta de Galicia / Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades).